



## Por que é importante tratar o ensilado do primeiro corte?

Cando falamos de ensilaxe, o primeiro corte de herba é como a base dunha comida ben preparada. Do mesmo xeito que os ingredientes de calidade son esenciais para un prato delicioso, o ensilado inicial de herba que se recolle senta as bases da rendibilidade da granxa.

Departamento técnico de Lallemand Animal Nutrition

**A**quí está o truco: aínda que a herba do primeiro corte teña un excelente contido en azucre e proteínas, iso non se traduce automaticamente nunha ensilaxe de herba de alta calidade. A clave está no tratamento axeitado da ensilaxe para preservar e maximizar os seus beneficios nutricionais.

### A RECEITA DO ÉXITO

Crear unha ensilaxe de alta calidade implica unha xestión meticulosa, desde o campo ata o silo de almacenamento. Tomar atallos, como prescindir do uso dun inoculante de ensilaxe, pode levar a resultados decepcionantes. Imaxine que prepara unha comida *gourmet* cos mellores ingredientes, pero descoida as téc-

nicas de cocción axeitadas. A comida podería resultar decepcionante ou mesmo pouco apetecible. O mesmo ocorre cando se intenta facer unha ensilaxe de primeiro corte de alta calidade de forma consistente. Cada paso do proceso, desde a colleita ata o almacenamento, require unha xestión coidadosa para garantir que a ensilaxe manteña o seu valor nutritivo e sexa apetecible para os animais.

### POR QUE TRATAR A ENSILAXE DO PRIMEIRO CORTE?

A herba de primeiro corte adoita superar os cortes posteriores en termos de valor nutritivo e rendemento. O seu impacto na rendibilidade da granxa é evidente.

Entón, por que arriscarse a comprometer o seu duro traballo renunciando ao tratamento cun inoculante de ensilaxe?

O tratamento axeitado da ensilaxe do primeiro corte non só preserva a súa calidade, senón que tamén mellora a eficiencia alimentaria do gando, o que se traduce nunha mellor produción de leite e carne.

### A MATERIA SECA (MS) IMPORTA

A forraxe de herba de primeiro corte tende a ter un menor contido en MS que os cortes posteriores, o que o fai máis susceptible á deterioración durante a fermentación e a alimentación, xa que presenta dificultades durante o proceso de ensilaxe.



► O TRATAMENTO AXEITADO DA ENSILAXE DO PRIMEIRO CORTE NON SÓ PRESERVA A SÚA CALIDADE, SENÓN QUE TAMÉN MELLORA A EFICIENCIA ALIMENTARIA DO GANDO, O QUE SE TRADUCE NUNHA MELLOR PRODUCCIÓN DE LEITE E CARNE

Un maior contido en proteína, aínda que beneficioso para a alimentación, pode dificultar unha fermentación eficaz. A ensilaxe non tratada pode fermentar lentamente, o que reduce os niveis de azucre, o contido proteico, a dixestibilidade e a palatabilidade xeral. Estas perdas poden repercutir significativamente no rendemento da súa granxa, polo que a adición dun inoculante de ensilaxe é un investimento acertado. Ademais, unha ensilaxe cun contido axeitado de MS é máis estable e menos propensa á proliferación de microorganismos indesexables, garantindo unha alimentación segura e saudable para os animais. ►►

## SOLUCIONES PARA UN FORRAJE DE CALIDAD



### FILM BARRERA AL OXÍGENO MÁXIMA EFICIENCIA GARANTIZADA



# OXY SEAL



## solplast

Tel +34 968 46 13 11

info@solplast.com / solplast.com

Avda. Francisco Jimeno Sola / Polígono Ind. Saprelorca, Buzón 9  
30817 Lorca (Murcia)

► UNHA ENSILAXE BEN TRATADA NON SÓ MELLORA A SAÚDE E O RENDEMENTO DO GANDO, SENÓN QUE TAMÉN CONTRIBÚE Á SOSTIBILIDADE E RENDIBILIDADE A LONGO PRAZO DA SÚA GRANXA



Neste sentido, unha investigación recente demostrou que o tratamento da herba ensilada cun inoculante pode mellorar a inxestión de materia seca (MS) nas vacas leiteiras en 1,5 kg ao día e, ademais, aumentar a produción de leite, demostrando o retorno sobre o investimento de utilizar un aditivo en todos os cortes, incluído o primeiro da tempada.

No estudo, durante as seis primeiras semanas de alimentación, as vacas que consumiron a forraxe tratada inxeriron 1,5 kg adicionais de MS ao día en comparación coas alimentadas con ensilaxe que non foi tratada.

Esta mellora na inxestión pode atribuírse á ensilaxe de maior calidade producida polo inoculante. Pola contra, a ensilaxe control, que se quentaba e parecía menos apetecible, provocaría unha redución do consumo de alimento. Ademais, houbo unha tendencia a unha maior produción de leite corrixida en graxa (FCM) nas vacas que consumiron a forraxe tratada, de 1,9 kg/día.

A forraxe tamén era aerobiamente estable durante máis tempo, o que se traducía en menores perdas de enerxía. A diferenza observada supón 28 megaxulios (MJ) adicionais de enerxía por tonelada de peso fresco na ensilaxe tratada. Ao alimentar as vacas con esta ensilaxe, cada vaca pode producir 5,3 litros máis de leite.

Así pois, o ensaio demostrou a utilidade de aplicar un aditivo en todos os cortes da ensilaxe de herba, e non só no primeiro corte.

### CONSIDERACIÓNS SOBRE O ALMACENAMENTO

Almacenar cortes posteriores de ensilaxe enriba da ensilaxe de herba do primeiro corte introduce complexidades adicionais. Esencialmente, estase expoñendo todo o silo ao aire, creando un ambiente propicio para o crecemento de microorganismos nocivos.

Para mitigar estes riscos, paga a pena considerar a posibilidade de utilizar un produto como MAGNIVA Platinum. O tratamento da súa ensilaxe de primeiro corte garante unha mellor conservación e minimiza as

posibilidades de quentamento e deterioro ao almacenar os cortes posteriores no mesmo silo.

Ademais, unha boa xestión do silo, incluíndo a compactación axeitada e a cobertura hermética, é crucial para manter a calidade da ensilaxe ao longo do tempo.

### CONCLUSIÓN

Tratar a ensilaxe do primeiro corte con inoculantes de ensilaxe MAGNIVA non é só unha boa práctica, é unha receita para o éxito. Non deixe que o seu duro traballo se perda; invista nunha ensilaxe de alta calidade desde o principio. Unha ensilaxe ben tratada non só mellora a saúde e o rendemento do gando, senón que tamén contribúe á sostiabilidade e rendibilidade a longo prazo da súa granxa. ■

# LIBERA LA ENERGÍA:

*Todos los cultivos. Todas las toneladas. Todos los años.*

*MAGNIVA Platinum 3 mantiene el valor nutritivo del ensilado y libera energía mejorando la digestibilidad de la fibra*

***Más energía en tu ensilado significa más leche de tus animales***

Incluso una pequeña mejora en la digestibilidad de la fibra puede suponer un aumento significativo de la productividad. Con los inoculantes MAGNIVA, puede mejorar la digestibilidad del ensilado en un 5,4%, aumentando potencialmente la producción de leche en 1,23 litros por vaca y día.

**MAGNIVA.com**

**MAGNIVA**  
FORAGE INOCULANTS

LALLEMAND ANIMAL NUTRITION

**LALLEMAND**